

RESOLUCIÓN pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias da Vida.

Por Resolución de do 13 de outubro de 2021 (DOG núm. 203, do 21 de outubro) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius. Dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida.

O artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Xosé Ramón García Bustelo, profesor de investigación no Centro de Investigación do Cáncer en Salamanca.

Vogais:

María Soledad Soengas González, xefa do Grupo de Melanomas do Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas (CNIO)

Clara Álvarez Villamarín, catedrática Fisioloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que consta na marxe
A directora da Axencia Galega de Innovación
Patricia Argerey Vilar

